



Resolución do 16 de maio de 2025 pola que se fai pública a listaxe de postos de auxiliares de policía local da Orde do 25 de febreiro de 2025, de acordo co comunicado polos concellos que teñen encomendada a competencia na selección dos membros dos corpos da policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local

De conformidade co establecido na Orde do 25 de febreiro de 2025 (DOG núm. 41, do 25 de febreiro de 2025) e no Decreto 115/2017, do 17 de novembro (DOG núm. 222, do 22 de novembro de 2017)

RESOLVO

Primeiro.: Facer pública no anexo I que se achega a esta resolución a listaxe actualizada de postos de auxiliares de policía local e comunicarlle ao tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, nomeado pola Resolución do 7 de abril de 2025 (DOG núm. 74, do 16 de abril de 2025), para que elabore a listaxe definitiva de persoas aprobadas por orde decrecente de puntuación.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o xulgado contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa recepción, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Estrada, 16 de maio de 2025

O director xeral

Santiago Villanueva Álvarez





ANEXO I

Relación de postos por concellos

	Concello	Núm. postos
1	A Cañiza	1
2	A Estrada	3
3	A Guarda	4
4	A Illa de Arousa	3
5	Arteixo	4
6	Baiona	8
7	Barbadás	3
8	Bergondo	2
9	Boiro	3
10	Bueu	7
11	Cabanas	2
12	Camariñas	2
13	Cedeira	4
14	Gondomar	2
15	Malpica	2
16	Marín	2
17	Meaño	1
18	Melide	3
19	Miño	2
20	Moaña	6
21	Mondoñedo	2
22	Mugardos	3
23	Noia	2
24	O Barco	2
25	O Grove	4
26	Poio	6
27	Ponteceso	2
28	Rianxo	2
29	Tui	4
30	Vilagarcía	7
	TOTAIS	98

